



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 21 DE SETEMBRO DE 2006,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Xunta e o Ministerio de Traballo para levar a cabo actuacións que garantan o dereito das mulleres vítimas de malos tratos a unha asistencia social integral.

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ortigueira para as obras de rehabilitación do edificio sede da policía local e de protección civil
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ribeira para as obras de adecuación do edificio para a policía local.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia e o Concello de Malpica para obras de adaptación "Casa de Oleiro" para servizos municipais.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Cambre para obras de construción da casa da cultura de Cambre .
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Xunta e o Concello de Rianxo para as obras de construción dun edificio para o xulgado de paz.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta e o Concello de Vimianzo para o remate da intervención arquitectónica e especial en Santiago de Cereixo.



- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Xunta e o Concello de Foz para as obras de pavimentación da praza de acceso á casa do concello.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Entrimo para obras de reforma na praza da capela de San Xoán e vial en Terrachán.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Valga para as obras de construción do museo histórico local.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Xunta e o Concello de Lalín para as obras de remodelación de espazos e equipamentos de parques infantís.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre as consellerías de Sanidade, de Innovación e Industria, do Medio Rural, de Pesca e Asuntos Marítimos, o organismo autónomo Augas de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento dun laboratorio para a caracterización de cepas patóxenas, por un importe de novecientos noventa e nove mil novecientos noventa e oito euros (999.998,00 €).

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Catoira para a realización das obras de construción de beirarrúas e supresión de barreiras arquitectónicas e urbanísticas na rúa de Concello e adxacentes.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Valdoviño para a mellora da seguridade viaria na travesía AC-556 Narón-Campo do Hospital.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Monterroso para o acondicionamento da travesía LU-221, Monterroso (Lugo).



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Redondela para o acondicionamento da rúa Alfonso XII.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e transportes e a entidade Caixa Galicia para a posta en funcionamento dos sistemas de pagamento do transporte metropolitano de Galicia na área de Santiago de Compostela.

### **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, o Concello da Coruña e a empresa Unión Fenosa Distribución S.A. para o soterramento de liñas de media tensión no polígono da Grela.
- Acordo polo que se aproba o Plan Galego de I + D + i 2006-2010

### **CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE**

- Acordo polo que se autoriza o convenio de cooperación entre o Ministerio de Cultura e a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia para a achega e distribución de crédito para a adquisición de fondos bibliográficos para a mellora das bibliotecas públicas.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo de autorización do expediente para a subministración sucesiva de gases medicinais con destino aos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e mediante o sistema de determinación de tipo.

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co Concello de Laxe para a execución das obras: "Plan de saneamento. Saneamento no Centeal e O Rueiro, na parroquia de Soesto. Laxe (A Coruña) "clave OH.315.721, por importe de catrocentos trinta mil oitocentos un euros (420.801 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia e a Asociación



para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) para realizar un programa de educación para a sustentabilidade dos ríos (Proxecto Ríos) por un importe de setenta e cinco mil euros (75.000,00 €).

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e a Universidade de Vigo, para a realización do IV Máster en Dirección e Xestión de PEMES que se desenvolverá no campus de Ourense.

## **CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Monforte de Lemos para a mellora da urbanización do contorno de varios grupos de vivendas de promoción pública.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Mos para a mellora da urbanización do contorno do grupo de vivendas de promoción pública en San Eleuterio, Tameiga.
- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Vivenda e Solo para a sinatura de convenios e addendas con diferentes concellos, relativos a actuacións na área de rehabilitación.



## VICEPRESIDENCIA INVESTIRÁ MÁIS DE 1.600.000 EUROS EN ASISTENCIA SOCIAL INTEGRAL PARA AS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- *Destinaranse 420.000 euros á adquisición dun local novo para o punto de encontro de Vigo*
- *O consello autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e o Ministerio de Traballo co obxecto de garantir unha atención integral ás vítimas de malos tratos*

O Consello da Xunta na súa reunión de hoxe autorizou a sinatura dun convenio entre a Vicepresidencia e o Ministerio de Traballo para levar a cabo actuacións que garantan o dereito das mulleres vítimas de malos tratos a unha asistencia social integral. En virtude deste convenio, investiranse 1.612.000 euros, achegados a partes iguais entre a Vicepresidencia e o Ministerio de Traballo. Os cartos do Ministerio proveñen do Fondo previsto na Lei de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero que se reparte entre todas as Comunidades Autónomas

O investimento máis importante, 420.000 euros irán destinados á adquisición dun local novo onde se situará o punto de encontro de Vigo. Neste momento xa está aberto o proceso para a compra deste local, que se fará por concurso público.

O resto desta partida económica será destinada no 2006 a mellorar a dotación das casas de acollida e vivendas tuteladas que funcionan en Galicia e a mellorar a rede de información e atención ás mulleres, é dicir, os Centros de Información e asesoramento á Muller de Lugo e A Coruña, así como os Centros de Información ás Mulleres e os novos Puntos de Información creados ao longo deste ano.

O obxecto destas actuacións é garantir unha atención multidisciplinar ás mulleres vítimas de malos tratos, que se centrará en proporcionar información, atención psicolóxica, apoio social e á formación e inserción ás vítimas, en facer un seguimento das reclamacións dos dereitos da muller e en levar a cabo actividades de formación preventiva nos valores da igualdade dirixidas ao desenvolvemento persoal e á adquisición de habilidades na resolución non violenta dos conflitos.



## A XUNTA DE GALICIA INVESTIRÁ CASE UN MILLÓN DE EUROS NO DESENVOLVEMENTO DUN LABORATORIO DE REFERENCIA PARA A CARACTERIZACIÓN DE CEPAS PATÓXENAS

- *O laboratorio centralizará e estudará as cepas de salmonela illadas en Galicia nas diferentes fontes de contaminación, o que permitirá acadar resultados máis eficientes*
- *A tecnoloxía que se desenvolva neste centro, que contará con persoal da Universidade de Santiago, permitirá no futuro caracterizar outros microorganismos distintos das salmonelas que poidan ser de interese para as autoridades sanitarias galegas*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre as consellerías de Sanidade, Innovación, Medio Rural, Pesca, o organismo Augas de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o desenvolvemento dun laboratorio para a caracterización de cepas patóxenas, centro no que o Goberno galego investirá 999.998 euros no período 2006-2009. Este convenio permitirá a cooperación entre as consellerías e a USC para a realización dos estudos de referencia de cara á caracterización das salmonelas illadas en Galicia, labor que desenvolverá o Laboratorio de Tipificación de Cepas Patóxenas da universidade, que será o centro de referencia en Galicia.

Este convenio permitirá que as consellerías asinantes e a USC colaboren no campo da caracterización das cepas de salmonela, tanto humanas como animais, illadas en Galicia nas diferentes fontes de contaminación, para acadar resultados “máis eficientes” cós actuais. Neste senso, traballarase para establecer un cepario de almacenaxe das diferentes cepas illadas e a súa inclusión nunha base de datos común, que permita establecer a relación epidemiolóxica entre elas, a súa comparación con outras de España e outros países e a realización de estudos a longo prazo. Ademais, esta tecnoloxía permitirá no futuro caracterizar outros microorganismos distintos das salmonelas que poidan ser de interese para as consellerías.

Para o desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, establécese a creación dunha Comisión Técnica, integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes –doce membros en total-, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do acordo.

O convenio estipula que a universidade compostelana, a través do Laboratorio para a Tipificación de Cepas Patóxenas, se compromete a realizar as análises precisas para a serotipaxe e subtipaxe de cepas de salmonelas illadas en Galicia, así como os informes técnicos, asesorías e análises precisas, e arbitrar os medios para obter a



uniformidade da información que resulte das análises efectuadas, que sexan solicitados polas consellerías.

Nel, tamén se establece o compromiso da USC de organizar actividades de formación na execución das técnicas de tipificación que se prevexan empregar no laboratorio, dirixidas a técnicos dos laboratorios dependentes das consellerías asinantes.

Os laboratorios pertencentes ás distintas consellerías remitirán todos os illados de salmonela ao laboratorio de referencia, para realizar as técnicas de serotipificación e subtipificación, segundo un protocolo consensuado e aprobado pola comisión mixta de seguimento do convenio.

As entidades ou consellerías que non dispoñan de laboratorios propios para realizar a análise que permita o illamento, facilitarán que aqueles centros cos que concerten a análise das mostras que deles dependan remitan as cepas illadas ao laboratorio de cepas patóxenas.

Para o financiamento do convenio, as consellerías realizarán unha achega total de 999.998 euros, repartidos do seguinte xeito:

- Innovación: 320.500 euros
- Medio Rural: 119.666 euros
- Sanidade: 320.500 euros
- Pesca: 119.666 euros
- Medio Ambiente: 119.666 euros

A Universidade de Santiago recibirá esta achega nas seguintes anualidades:

- Ano 2006: 399.998 euros
- Ano 2007: 200.000 euros
- Ano 2008: 200.000 euros
- Ano 2009: 200.000 euros

Estes pagos quedan condicionados ao cumprimento do seguinte calendario:

- Ano 2006 : 40% a sinatura do convenio, logo de aceptación da Comisión de seguimento do proxecto da memoria de actividades do Laboratorio para a Tipificación de Cepas Patóxenas
- 30% á presentación do informe do 1º trimestre
- 30% á presentación do informe de final de ano.( 15 de decembro)
- Anos 2007, 2008 e 2009
- 50% á presentación do informe do primeiro semestre



- 50% á presentación do informe do segundo semestre (15 de decembro)

En virtude do convenio, a Xunta de Galicia será a titular dos traballos. Cando a USC desexe utilizar resultados parciais ou finais, en parte ou na súa totalidade, para a súa publicación deberá solicitar a conformidade das respectivas consellerías.





## A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA DESTINARÁ 790.000 EUROS PARA ACONDICIONAR EDIFICIOS E ESPAZOS PÚBLICOS EN DIVERSOS CONCELLOS GALEGOS

- *Segundo dez convenios de colaboración autorizados hoxe polo Consello da Xunta de Galicia*
- *Recibirán achegas os municipios de Cambre, Entrimo, Foz, Lalín, Malpica de Bergantiños, Ortigueira, Rianxo, Ribeira, Valga e Vimianzo*

O Consello da Xunta autorizou hoxe, na súa xuntanza semanal, a sinatura de dez convenios de colaboración polos cales a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza achegará un total de 790.000 euros para rehabilitar e acondicionar diversos edificios e lugares públicos nos concellos de Cambre, Entrimo, Foz, Lalín, Malpica de Bergantiños, Ortigueira, Rianxo, Ribeira, Valga e Vimianzo.

Neste sentido, o concello de Cambre recibirá 125.000 euros que se destinarán á realización de obras de construción dunha Casa de Cultura, que ten coma obxectivo paliar as carencias municipais cunha instalación adecuada para unha oferta cultural aos cidadáns do concello.

Malpica de Bergantiños, pola súa banda, obterá 105.000 euros que se utilizarán para adaptar o edificio *Casa do Oleiro* para que nela se poidan realizar servizos municipais. En Ortigueira recibirán 75.000 euros para rehabilitar o edificio que acolle as sedes da policía local e de protección civil en Cuíña, o que redundará nunha mellora dos servizos que se prestan nela e da atención que se presta aos cidadáns.

O municipio de Rianxo obterá 80.000 euros destinados á construción dun edificio que realizará as funcións de sede do xulgado de paz; mentres que Ribeira recibirá unha achega de 30.000 euros para traballos de adecuación do edificio de dependencias da policía local. No concello de Vimianzo obteranse 125.000 euros para rematar unha intervención arquitectónica e espacial en Santiago de Cereixo

### **Achegas en Lugo, Ourense e Pontevedra**

O concello ourensán de Entrimo, pola súa banda, obterá un total de 60.000 euros para reformas na praza da capela de San Xoán e nun vial en Terrachán, actualmente nun estado que pon en risco a integridade física dos veciños e os seus usuarios. A mesma cantidade destinarase ao municipio de Foz, que a utilizará para realizar obras de pavimentación da praza de acceso á Casa do Concello.

Por último, na provincia de Pontevedra, o concello de Lalín recibirá 65.000 euros para a remodelación de espazos e equipamento de parques infantís. A mesma cantidade será a que se destine ao municipio de Valga, que a utilizará para realizar obras de



construción dun museo histórico local do concello que permitirá reunir e recoller os moitos vestixios históricos da comarca e facilitar así a aproximación da historia do concello e da comarca á totalidade da cidadanía.



## **POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ PRETO DE 217.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DE BEIRRARRÚAS E SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS EN CATOIRA**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio que asinarán a conselleira e mailo alcalde para a execución das obras*

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 216.700 euros na construción de beirrarrúas e na supresión de barreiras arquitectónicas e urbanísticas na rúa de Concello e adxacentes, no núcleo urbano de Catoira.

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración que asinarán a conselleira e mailo alcalde para a execución das obras. As actuacións realizaranse na rúa máis importante da vila, na que se atopan a Casa do Concello, o Centro Médico, o colexio infantil, a Igrexa, a Casa de Cultura, a biblioteca e dous centros comerciais, polo que rexistra un denso e continuo tráfico de peóns e vehículos.

Por outra parte, esta rúa e as que converxen nela, teñen unha estrutura antiga xa que se caracterizan por ser estreitas e non dispoñer de rebaixes que faciliten o acceso aos vehículos de minusválidos. Polo tanto é preciso acometer de forma urxente a ordenación e acondicionamento de toda a zona para dotala de maior funcionalidade e seguridade.

O concello de Catoira comprométese e asume as xestións pertinentes para a obtención dos permisos ou licenzas necesarias para a realización das obras correspondentes.

Esta actuación está dentro dos obxectivos que se marcou a CPTOPT para a ordenación do territorio e a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se resolvan problemas nas infraestruturas, achegando unha maior calidade de vida ós cidadáns.



## **A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ MÁIS DE 416.000 EUROS NA CREACIÓN DE BEIRRARRÚAS NA TRAVESÍA AC-556 EN NARÓN**

O consello da Xunta de hoxe aprobou o convenio de colaboración que vai asinar a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o concello de Valdoviño para realizar obras de mellora da seguridade viaria na travesía da estrada AC- 566 entre Narón e Campo do Hospital.

As obras de mellora corresponden a un treito que vai dende o punto quilométrico 12,020 ao 13,050. Trátase de 1.973 metros lineais de beirrarrúas de nova construción con bordo e baldosa de formigón.

Para a realización destas obras acordouse un orzamento de 416.240,17 euros que se realizarán en dous pagos diferentes. O primeiro corresponde á anualidade de 2006 cunha contía de 83.248 euros, mentres o segundo dos pagos efectuarase no ano 2007 cun desembolso de 332.992 euros.

O concello de Valdoviño comprométese a pór á disposición da CPTOPT tanto os terreos necesarios como a realizar as xestións pertinentes para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións necesarias.

Da mesma maneira, unha vez rematadas as obras, o concello farase cargo da explotación, mantemento e conservación do tramo da travesía e dos seus servizos.

Esta actuación responde a un dos obxectivos da Xunta de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, achegando unha maior calidade de vida aos seus cidadáns.



## **A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 573.000 EUROS NO ACONDICIONAMENTO DA RÚA ALFONSO XII EN REDONDELA**

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá 573.421 euros no acondicionamento da rúa Alfonso XII, no concello de Redondela.

Esta actuación entra dentro das actividades que o concello redondelán leva a cabo na actualidade como é o desenvolvemento dun programa de remodelación e mellora das rúas que conforman o núcleo vello e comercial do municipio.

Así, dentro das melloras e o acondicionamento da rúa Alfonso XII, preténdese acometer obras de humanización co fin de converter a zona nunha área peonil, con amplitude de beirarrúas, facilitando o paseo dos transeúntes e creando unha zona comercial aberta para uso e disfrute dos veciños.

En definitiva, con este tipo de actuacións trátase de resolver os problemas nas infraestruturas, achegando unha maior calidade de vida ós seus cidadáns.

O convenio de colaboración aprobado hoxe polo Consello da Xunta, entre a CPTOPT e o concello de Redondela será asinado en breve pola conselleira María Xosé Caride e o alcalde Xaime Rey Barreiro.



## **A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 500.000 EUROS NO ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA LU-221 EN MONTERROSO**

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 500.000 euros nas obras de acondicionamento da estrada LU-221 ao seu paso polo núcleo urbano de Monterroso. O pago farase en dúas anualidades, a primeira que en 2006 cunha contía de 100.000 euros e, a segunda correspondente ao 2007 con 400.000 euros.

Así se recolle no convenio de colaboración autorizado hoxe polo Consello da Xunta e que proximamente asinarán a conselleira, María José Caride, e mailo alcalde de Monterroso, Antonio Gato Soengas.

A estrada LU-221 que discorre polo núcleo urbano de Monterroso, atópase actualmente dotada dun servizo de rede de sumidoiros, abastecementos de auga potable e dun sistema de iluminación obsoleto. A estas carencias hai que engadir a deficiente iluminación, así como a falta de zonas de aparcamento e zonas verdes.

As obras consisten en manter o trazado actual en toda a lonxitude da travesía prolongando ás beirarrúas uns 200 metros ata o desvío de Esporiz por ambas marxes da estrada. Tamén se acometerá a pavimentación destas, a construción de aparcadoiros e zonas verdes na parte da beirarrúa que sexa máis larga e próxima aos aparcadoiros.

Outra das medidas que se van tomar será a da mellora da iluminación pública, recolocando farois existentes e completando con novos puntos de luz, co que se acadará unha iluminación uniforme e de calidade en toda a vía. Todo este conxunto de accións contribuirán a incrementar a seguridade viaria na travesía.

O concello de Monterroso, unha vez executadas as obras, será o responsable da explotación, mantemento e conservación do tramo da travesía e dos seus servizos.



## SANTIAGO CONVERTERASE NA TERCEIRA CIDADE GALEGA QUE CONTE CUN SISTEMA DE TRANSPORTE METROPOLITANO

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre Política Territorial e Caixa Galicia para poñer en marcha unha tarxeta metropolitana para acceder a este transporte*
- *O sistema de transporte metropolitano de Santiago porase en marcha a primeira semana de outubro*
- *O emprego da tarxeta metropolitana é necesario para acceder ás bonificacións do billete de autobús*
- *Coa tarxeta metropolitana os usuarios terán unha rebaixa do 0,33 por cento*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a entidade Caixa Galicia para a posta en marcha dunha tarxeta metropolitana para a área de Santiago de Compostela, que comezará a operar na primeira semana de outubro. Deste xeito, Santiago converterase na terceira cidade galega que conte cun sistema de transporte metropolitano deste tipo, logo da Coruña e Ferrol.

Segundo o dito convenio, Política Territorial acehgará 208.000 euros para o establecemento deste medio de pagamento único e común para toda a área de Compostela. Ademais de desenvolver este sistema mediante tarxetas magnéticas ou medios equivalentes, Caixa Galicia encárgase de ter operativo un sistema tecnolóxico que permita as cancelacións nos vehículos e a transmisión precisa, constante e regular de datos ás administracións públicas ou entidades colaboradoras. Caixa Galicia xa ten desenvolvido un sistema de tarxetas axeitado que está funcionando nos plans de transporte metropolitano das áreas de A Coruña e de Ferrol.

A utilización da tarxeta metropolitana (trátase dun soporte cun chip microprocesador recargable) é necesaria para que os usuarios accedan á bonificación dos billetes unha vez que entre en funcionamento o Plan de transporte. Non obstante, as empresas seguirán emitindo billetes dunha única viaxe para os usuarios que os demanden, pero, neste caso, non se verán favorecidos pola bonificación tarifaria establecida.

Así, as persoas que empreguen a tarxeta-monedeiro como sistema de pagamento aboarán unha tarifa maioritaria de 0,67 euros por billete. Esta redución é posible debido á bonificación de 0,33 euros que realizarán as administracións Autonómica (0,225) e Local (0,105), e á aportación dos operadores que será de 0,05 euros.

Os usuarios que opten polo emprego da tarxeta metropolitana poderán recargar as mesmas nas oficinas de Caixa Galicia e nas terminais sinaladas e acordadas entre a Xunta e a entidade bancaria. Segundo o convenio autorizado hoxe, Caixa Galicia



porá á disposición dos usuarios as tarxetas metropolitanas, que poderán ser adquiridas a un prezo de 2 € e recargadas cun importe mínimo de 5 € e máximo de 180 €.

### **Obxectivos das redes de transporte metropolitano**

Un dos principais obxectivos das redes de transporte metropolitano que está a promover a Consellería de Política Territorial nas principais cidades galegas refírese á necesidade de crear unha rede coordinada de transporte colectivo de calidade que se concrete nunha serie de parámetros que permitan unha sistema de transportes fiable e puntual; que potencien a accesibilidade aos lugares onde a demanda sexa importante; unha mellora da información aos usuarios sobre as posibilidades de transporte, e un maior confort no servizo.

Paralelamente, perséguese cambiar a tendencia regresiva do transporte colectivo público; incrementar a cifra global de viaxes no transporte metropolitano; reducir o impacto nas cidades do vehículo privado; facilitar a sustentabilidade do novo modelo de asentamento poboación; e optimizar os recursos dispoñibles a través dun acordo institucional conxunto.

As distintas redes de transporte metropolitano que se están a implantar paulatinamente nas cidades galegas inciden en melloras no percorrido de penetración das cidades; na prolongación de itinerarios; na coordinación intermodal; na coordinación entre o transporte urbano municipal e interurbano; na incorporación de novos tipos de transporte; e na dotación de novas infraestruturas de transporte. Así mesmo, facilítase novo mobiliario urbano ás infraestruturas de transporte; promóvense campañas de información para acadar un maior número de usuarios e apóstase pola integración tarifaria, reducindo o prezo do billete para os usuarios grazas ás bonificacións que se realizan por parte da Xunta de Galicia.

Logo de que o sistema de transporte metropolitano sexa xa unha realidade na Coruña e Ferrol, a cidade de Santiago converterase na terceira cidade galega na que se porá en marcha este sistema, previsiblemente na primeira semana de outubro. Outra das áreas metropolitanas que conta xa cun plano avanzado neste sentido é a de Pontevedra e, na actualidade, a Xunta está pendente de que o convenio proposto se aprobe nos plenos de todos os concellos integrantes.





## INNOVACIÓN E INDUSTRIA ACHEGA MÁIS DE 277.000 EUROS PARA SOTERRAR LIÑAS DE MEDIA TENSIÓN NO POLÍGONO DA GRELA NA CORUÑA

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería, o Concello da Coruña e a empresa Unión Fenosa Distribución, S.A.*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, o Concello da Coruña e a empresa Unión Fenosa Distribución, S.A. para o soterramento de liñas de media tensión no polígono coruñés da Grela.

O orzamento total previsto para esta actuación elévase a 693.697,59 euros, distribuídos en tres anualidades, dos que Innovación e Industria achegará o 40% (un total de 277.479,04 euros) e Unión Fenosa Distribución o 60% restante (416.218,55 euros). Pola súa banda, o Concello da Coruña asumirá o custo correspondente á obra civil.

Co soterramento das liñas conseguirase non soamente mellorar as infraestruturas existentes no eido do Polígono da Grela, senón tamén reducir o impacto visual das mesmas. Ademais, o feito de soterrar as liñas aumenta o grao de seguridade e diminúe a posibilidade de interrupcións imprevistas mellorando así a calidade da subministración.



## A XUNTA DA O VISTO BO O PLAN GALEGO DE I+D+i 2006-2010 QUE CONTARÁ CUN ORZAMENTO DE 800 MILLÓNS DE EUROS

- *O Plan guiará a política nesta materia nos próximos cinco anos e prevé acadar o obxectivo de que o investimento destinado a I+D+i pase do 0,8 por cento actual ao 1,5 por cento do PIB*
- *Preténdese que as empresas galegas executen o 50 por cento do gasto total do I+D+i galego*

O Consello da Xunta de Galicia deu o visto bo esta mañá o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010, documento que guiará a política en materia de investigación, desenvolvemento e innovación da Xunta de Galicia para o vindeiro lustro. O documento será remitido proximamente ao Parlamento de Galicia para o seu debate. Este Plan contará cun investimento de 800 millóns de euros, co cal se triplica a dotación do plan anterior, e ten como obxectivo acadar o 1,5 por cento do PIB ao remate da súa vixencia (incrementando en 0,7 puntos o seu peso actual).

Paralelamente, preténdese que as empresas galegas, que na actualidade só executan o 37 por cento do gasto total do I+D+i galego pasen a executar un 50 por cento do total. Esta ambicioso aposta pretende situar Galicia nunha posición avanzada no contexto do sistema europeo de investigación e innovación.

É a primeira vez que o Parlamento de Galicia pode participar na elaboración do plan, que ata o de agora era aprobado pola Xunta e remitido á cámara para o seu coñecemento. Así, o Parlamento poderá facer propostas de resolución para a súa inclusión no documento.

Este paso veu precedido pola emisión dun informe favorable por parte do Consello Asesor de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia e pola aprobación do Plan pola Comisión Interdepartamental de Ciencia e Tecnoloxía (CICETGA), órgano encargado da planificación, elaboración, coordinación e seguimento do Plan Galego de I+D+i, no pasado mes de xullo.

O Plan Galego de I+D+i é o conxunto de programas coordinados, orzados, priorizados e financiados que responden á política científica e tecnolóxica galega, segundo se establece na Lei 12/1993, de 6 de agosto, de fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

### Principais liñas

O novo Plan Galego de I+D+i, que estará en vigor os próximos cinco anos, axúdase dunhas directrices xerais que serán as que guíen as actuacións contidas no texto:



desenvolver a capacidade do sistema de I+D e mellorar a calidade da investigación efectuada en Galicia, consolidar a actividade do I+D+i das nosas empresas, articular e ordenar racionalmente os recursos, dar prioridade ao capital humano e dotarnos dunha capacidade investigadora suficiente. Promover a igualdade de oportunidades da muller na ciencia e a tecnoloxía, priorizar as áreas científico-tecnolóxicas de importancia para o sistema produtivo galego, concertar as actuacións cos Planos estatal e europeo de I+D e crear conciencia social en Galicia sobre a importancia da Investigación e do Desenvolvemento como base de crecemento económico e social, serán outras das directrices.

### **Tipos de programas**

O Plano Galego de I+D+i contén tres tipos de programas: horizontais, xerais e sectoriais. Dentro dos primeiros, os horizontais, atópanse os dous programas fundamentais do novo Plano Galego de I+D+i: o Programa de Recursos Humanos e o Programa de Articulación do Sistema de Investigación e Innovación. O Programa de Recursos Humanos define, por vez primeira, a carreira científica e o seu obxectivo é a formación e a consolidación dos investigadores, permitíndolles unha estabilidade no Sistema Galego de I+D+i. Este programa prestará especial atención aos puntos febles do Sistema, como son: a carencia de investigadores nas empresas, atraer cara ao noso país recursos humanos e recuperar investigadores e tecnólogos galegos consolidados que exercen fóra de Galicia, establecer un Estatuto para o Persoal Investigador dos centros autonómicos, o apoio aos novos investigadores mediante axudas á incorporación de doutores e á contratación fixa, a consolidación das unidades de I+D e o programa de doutorandos nas empresas e centros tecnolóxicos.

Pola súa banda, o Programa de Articulación do Sistema centrarase na creación de centros de investigación, na construción de plataformas tecnolóxicas e na posta en disposición de solo tecnolóxico, co obxectivo de favorecer a colaboración entre os distintos axentes do Sistema, a súa complementariedade, a prestación de servizos, a creación de redes para optimizar recursos e atraer recursos estatais e europeos.

### **Aplicación en sectores clave de desenvolvemento**

No que respecta aos Programas Sectoriais estes responden á necesaria especialización e priorización de recursos cara aqueles sectores máis interesantes para o desenvolvemento do país, dado que os recursos dispoñibles son limitados. Os programas sectoriais divídense en tres tipos: PEME I+D, que promove a participación das pequenas e medianas empresas no I+D; I+D SUMA, para financiar os proxectos máis competitivos, de maior alcance e risco, onde prime a calidade tecnolóxica e científica e a coordinación de esforzos e, enterceiro lugar, as Tecnoloxías Críticas Transversais, un programa que apoia proxectos empresariais en sectores produtivos estratéxicos e competitivos a medio prazo. Este programa desenvolverá tamén solucións tecnolóxicas e creará un tecido de investigación en varios ámbitos, como



son a Biotecnoloxía, a Nanotecnoloxía, as Tecnoloxías da Información e Comunicación e as Tecnoloxías Enerxéticas Sostibles. Estes Programas Sectoriais pretenden satisfacer as demandas da industria galega e dos novos sectores emerxentes mediante a transferencia da investigación aplicada.



## **XUNTA E MINISTERIO DE CULTURA ASINARÁN UN CONVENIO DE COLABORACIÓN CO OBXECTIVO DE MELLORAR A DOTACIÓN DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS**

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Ministerio de Cultura para a adquisición de fondos biliográficos por parte das bibliotecas públicas galegas. O investimento supón un importe total de 1.402.357 euros, dos que 601.178 euros procederán do Ministerio de Cultura e 801.178 euros achegaraos a Consellería.

A mellora das dotacións das bibliotecas galegas encádrase dentro da finalidade da Consellería de dar a coñecer os hábitos lectores, a situación e os recursos humanos e materiais das bibliotecas. Tamén se pretende establecer liñas de actuación que supoñan un avance na equiparación cos índices medios europeos de libros por habitante no ámbito da Comunidade Autónoma.

Recentemente, o Consello da Xunta aprobou o Proxecto de Lei do Libro e da Lectura, proxecto legal promovido pola Consellería de Cultura, que engloba toda unha serie de actuacións enmarcadas no eido do libro e sobre as que a Xunta de Galicia incidirá de xeito especial.



## A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE PROMOVE UN PROGRAMA PARA CONCIENCIAR A POBOACIÓN NA PROTECCIÓN E SUSTENTABILIDADE DOS RÍOS

- *O plan, denominado Proxecto Ríos, levarase a cabo coa colaboración da Asociación Galega para a Defensa Ecolóxica de Galicia (Adega).*
- *No programa participarán cando menos 180 pequenos grupos de voluntarios e 50 concellos, especialmente os núcleos pilotos de sustentabilidade integrada*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, en colaboración coa Asociación Galega para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) vai desenvolver durante este e o vindeiro ano un proxecto de educación para a sustentabilidade. O programa, denominado "Proxecto Ríos" ten como fin concienciar a poboación da importancia de adoptar actitudes encamiñadas a protexer e mellorar o ambiente así como estimular e potenciar a participación da cidadanía na sustentabilidade do patrimonio natural.

O obxectivo principal da iniciativa é traballar para mellorar a calidade dos ecosistemas fluviais e establecer unha rede cidadá activa na protección dos ríos. Así poderase coñecer o seu estado de saúde e previr e solucionar os problemas.

En virtude deste acordo, aprobado hoxe no consello da Xunta, a Consellería de Medio Ambiente achegará, con cargo aos orzamentos deste ano e do vindeiro, a cantidade de 75.000 euros para levar a cabo as actuacións previstas nesta iniciativa. A Asociación Galega para a Defensa Ecolóxica de Galicia, pola súa banda, centrará os seus esforzos, entre outras actividades, en orientar e coordinar 180 pequenos grupos de voluntarios en máis de 50 concellos de Galicia, especialmente nos Núcleos Pilotos de Sustentabilidade Integrada.

Entre as actividades previstas destaca a elaboración de abundante material para entregar aos voluntarios, que tamén realizarán encontros para poñer en común as súas experiencias. A evolución do programa poderá consultarse a través do portal electrónico [www.proxectorios.org](http://www.proxectorios.org) e será analizado por unha comisión de seguimento integrada por representantes da asociación ecoloxista e da Administración autonómica.



## MEDIO AMBIENTE MELLORARÁ A REDE DE SANEAMENTO NOS LUGARES DE CENTEAL E RUEIRO, NO CONCELLO CORUÑÉS DE LAXE

- *As obras previstas supoñen un investimento de 430.801,00 euros, contía que será financiada nun 100% pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos*
- *O proxecto conta cun prazo de execución de tres meses.*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible acometerá, en colaboración co Concello de Laxe (A Coruña), as obras de saneamento nos lugares do Centeal e o Rueiro, na Parroquia de Soesto.

A actuación, que foi aprobada hoxe no consello da Xunta, conta cun orzamento de 430.801 euros e será financiada na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh) mediante dúas achegas que se realizarán este mesmo ano e o vindeiro.

O proxecto recolle as renovacións da rede de colectores e da instalación de depuración que, actualmente, carece de acometida eléctrica e de soportes de aireación. A nova estación depuradora de augas residuais (E.D.A.R.), que se situará no Centeal, terá unha capacidade para atender as necesidades de saneamento de 500 habitantes. Así mesmo, a liña de auga contará coas seguintes etapas: desbaste, tratamento biolóxico por aireación, decantación, recirculación e desinfección.



## **A CONSELLERÍA DE TRABALLO E A UNIVERSIDADE DE VIGO COLABORAN NO DESENVOLVEMENTO DO *IV MÁSTER EN DIRECCIÓN E XESTIÓN DE PEMES***

- *Esta colaboración concrétese na sinatura dun convenio entre ambas entidades, que se desenvolverá durante o curso académico 2006-2007 no campus universitario de Ourense, cuxa dotación total ascende a 69.000 euros*
- *O Master vai dirixido a titulados universitarios desempregados necesitados dunha formación no eido empresarial, profesionais que busquen unha actualización nas técnicas máis recentes de dirección, e directivos que desexen desenvolver a súa capacidade xerencial e que reúnan os requisitos de acceso á universidade*
- *O obxectivo deste Master, no que participarán un máximo de 20 alumnos, é afondar nas peculiaridades e problemática que presentan as pemes e ao mesmo tempo potenciar as súas indubidables vantaxes*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e a Universidade de Vigo para a realización do IV Master en Dirección e Xestión de Pequenas e Medianas Empresas. Trátase dun curso superior para acceder ao título oficial de especialistas en dirección e xestión de pequenas e medianas empresas que se desenvolverá na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo do campus universitario de Ourense durante o curso académico 2006-2007, e no que participarán un máximo de 20 alumnos.

Dada a singular importancia das pequenas e medianas empresas, como un dos instrumentos básicos da actividade empresarial e da xeración de emprego en Galicia, a sinatura deste convenio pretende afondar no coñecemento das peculiaridades e particular problemática que presentan as pemes, co obxecto de potenciar as súas indubidables vantaxes e tratar de coñecer os perigos e riscos aos que se enfrontan, comprometendo a súa supervivencia e a dos postos de traballo que xeran.

Neste senso, a Consellería de Traballo e a Universidade de Vigo consideran esencial a colaboración na realización de accións tendentes á divulgación da cultura emprendedora que incida nun maior desenvolvemento da economía e do emprego en Galicia. E para iso destinan un orzamento de 69.000 euros.

O Master vai dirixido a titulados universitarios desempregados necesitados dunha formación no eido empresarial, profesionais que busquen unha actualización nas técnicas máis recentes de dirección, e directivos que desexen desenvolver a súa capacidade xerencial e que reúnan os requisitos de acceso á universidade.





O curso contará cunha duración total de 725 horas, das que 415 serán teóricas e 310 corresponderán a prácticas reais en empresas e traballos titorizados. Así, os contidos distribuiranse en varios módulos nos que se tratarán cuestións referentes á dirección e xestión de PEMES, as habilidades directivas, a xestión de recursos humanos, a innovación empresarial, o marketing e comercio exterior, así como outras actividades complementarias como un seminario de creación de empresas ou un taller de busca de emprego.

Coa posta en marcha desta IV edición do master, o departamento que dirixe Ricardo Varela demostra o desenvolvemento das políticas activas de emprego en Galicia, apoia decididamente todas aquelas accións de formación dirixidas a impulsar o coñecemento e funcionamento das pequenas e medianas empresa, impulsoras principais da actividade empresarial e da xeración de emprego na comunidade.



## A CONSELLERÍA DE VIVENDA AMPLÍA EN DOUS ANOS O PRAZO QUE TEÑEN OS CONCELLOS PARA CUMPRIR OS CONVENIOS DE REHABILITACIÓN

- *Con esta ampliación, 27 concellos galegos disporán ata 2008 para levar a cabo a rehabilitación do número de inmobles recollidos en cada convenio e evitar así que se perdan axudas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, prorrogar durante dous anos os convenios de rehabilitación asinados con 27 concellos galegos para a rehabilitación de 1.216 vivendas, convenios que teñen como data de finalización o 31 de decembro de 2006 e que coa ampliación queda fixada en 31/12/2008.

O obxectivo é facilitar a estes municipios a rehabilitación de todas as vivendas fixadas neses convenios, polo que a Consellería de Vivenda e Solo asinará unha addenda de ampliación con cada un deles para que poidan executar as obras de rehabilitación previstas e evitar que se perdan recursos.

No caso daqueles concellos nos que os convenios de rehabilitación asinados no seu día tivesen finalizado en 2005, sen que o concello rehabilitase todos os inmobles previstos, a Consellería de Vivenda e Solo asinará novos convenios no que queda de ano, de tal xeito que o novo prazo para que os Concellos executen as obras será desde a sinatura do novo convenio ata o 31/12/2008. Nesta situación están 17 concellos.

A consellería financiará estes convenios de rehabilitación cun total de 8.537.014,05 euros, dos que 3.394.905,5 euros corresponden á anualidade de 2006, 3.208.783,54 euros corresponden á anualidade de 2007 e 1.933.325 euros corresponden á anualidade de 2008. Estas cantidades corresponden aos convenios que se van prorrogar ou que renovarán, non inclúen convenios ex-novo que a consellería poida establecer cos concellos que xa dispoñen de áreas de rehabilitación declarada ou que poida solicitar no futuro, que contarían con partidas específicas.

Hai que aclarar que o número total de concellos que teñen convenios de rehabilitación asinados coa Consellería son 27, que poden estar na dobre situación de prórroga e de sinatura dun novo convenio.

En Galicia hai na actualidade 32 áreas de rehabilitación, 9 áreas de rehabilitación integral (ARI) e 23 áreas de rehabilitación de centros históricos (ARCH), situadas en 29 concellos.



O Plan de Vivenda 2005-2008 establece axudas á rehabilitación destinadas aos propietarios das vivendas integradas nas ARI de ata un 40% do orzamento protexible, ata un máximo de 8.500 euros. No caso das ARCH as axudas poden supor ata un 50% do orzamento protexible, por un importe máximo de 11.000 euros. Así mesmo, en ambos casos prevese a subvención de ata o 30% das obras de urbanización e reurbanización de prazas e rúas por parte da Consellería de Vivenda e Solo.



## A XUNTA INVISTE 220.575,97 EUROS NA REURBANIZACIÓN DO CONTORNO DE VARIOS GRUPOS DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN MONFORTE DE LEMOS

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o concello de Monforte de Lemos para a realización destas obras*

A Consellería de Vivenda e Solo investirá 220.575,97 € nas obras de reurbanización do entorno de varios grupos de vivendas de promoción pública (VPP) no Concello de Monforte de Lemos. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o concello para a realización destas obras.

En concreto, mellorarase a urbanización interior dos grupos de vivendas e os accesos desde o exterior das vivendas coñecidas como Grupo Val de Lemos e Grupo Francisco Franco construídas nos anos 50, outro grupo de 16 vivendas construídas no anos 80 e por último un grupo de 54 vivendas actualmente en construción. As obras de mellora afectarán ás rúas Malvarón, Eduardo Blanco Amor, Eduardo Pondal e os enlaces destas tres rúas con outras anexas.

Os traballos de urbanización consistirán na substitución das beirarrúas, iluminación, redes pluviais e mobiliario urbano, así como a mellora dos espazos interiores entre bloques, zonas verdes e xogos infantís co obxecto de que cumpran as condicións de salubridade e funcionalidade axeitadas para o seu uso. O custe total das actuacións, incluídos os honorarios facultativos, é de 226.588,97€ dos que a Consellería de Vivenda e Solo achega 220.575,97 €.

A Consellería de Vivenda e Solo ten como unha das súas liñas prioritarias de actuación a mellora, rehabilitación e mantemento do parque de vivendas protexidas existente en Galicia, como é o caso destas vivendas situadas en Monforte de Lemos.



## **A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO FINANCIA CON 474.610 EUROS AS OBRAS DE REURBANIZACIÓN DO POLÍGONO DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE SAN ELEUTERIO NO CONCELLO DE MOS**

- *Este investimento será achegado en dúas anualidade, 93.010 euros en 2006 e 381.600 euros en 2007*

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Mos para financiar con 474.610 euros as obras de reurbanización do polígono de 207 vivendas protexidas de San Eleuterio, situadas neste municipio. Vivenda achegará este investimento en dúas anualidades: 93.010 € no ano 2006 e os outros 381.600 euros en 2007.

As obras consistirán na mellora e adecuación funcional da urbanización de acceso ás 207 vivendas de promoción pública, en concreto, no vial de enlace coa actual autovía A-52 ata a rotonda da capela de San Eleuterio, mellorando o firme de acceso, os servizos cos que conta, e dotándoa de beirarrúas e zonas de aparcamento, mediante a construción de muros de contención de terras e ampliando as beirarrúas para adaptalas á Lei de accesibiliade, mellorando igualmente as redes de saneamento, iluminación e dotación de mobiliario urbano.

O custo total desta actuación ascende á 503.087 euros dos que a Consellería de Vivenda e Solo achega 474.610 euros. Pola súa banda, o Concello de Mos asumirá o compromiso de levar a cabo todas as actuacións relativas á contratación das obras proxectadas e a obtención de permisos e autorizacións necesarios, así como asume, desde o momento do remate das obras, o mantemento, conservación e mellora.

Esta actuación de rehabilitación financiada pola Xunta de Galicia afectará a un total de 207 vivendas de promoción pública (VPP) que conforman o denominado polígono de San Eleuterio. Trátase dun grupo de vivendas construídas en dúas fases sucesivas, rematadas en 1.997 e 1.998, respectivamente.